

## Tarefas de Historia 4º da ESO para facer na semana do 14 ao 17 de abril

Ola alumnas, como foron esas vacacións? Espero que descansárades dabondo para acometer esta 3ª avaliación, onde debemos seguir a traballar un pouquiño máis para evitar que o virus, ademais de confinarnos nas nosas casas, tampouco envíe as nosas mentes ao mundo do Antigo Réxime, do que nos sacaron os grandes homes da Ilustración. Guau, vaia símil ou comparación espectacular (co permiso do departamento de lingua) que me acabo de marcar, eh? Aínda que xa sei que, a estas alturas, algún de vós me poderíades corrixir, afirmando que a Ilustración e as Revolucións liberais tamen tiveron a súa “cara B”, e que, en base a esa fe no progreso e no seu desexo de construír un mundo mellor, acabaron cometéndose algunhas bárbaras tropelías como o axustizamento na guillotina de milleiros de persoas, ou as terribles baixas humanas e destrucións que conlevaron as guerras napoleónicas (pensemos na Guerra de Independencia española, por citar unha que nos tocou ben de perto).

Bueno, entón, seguindo nesta liña argumentativa, imos rematar esta semana o tema 2, As revolucións burguesas, centrándonos esta vez nos aspectos económicos e sociais que, tamén acompañaron a esas revolucións protagonizadas pola burguesía, co apoio das masas populares. E que, como imos ver, xunto aos efectos positivos, que os tiverón, tamén ímonos atopar con outros nada envidiables, como foron, por exemplo, as condicións de vida das clases proletarias, tanto no campo como nas cidades.

Logo, imos proceder así:

- Facemos todas as actividades das páxinas 48 a 57 (incluímos unha da arte neoclásica, estilo que debemos relacionar coa Ilustración, e deixamos a obra de Goya para a semana que ven).

E isto e todo, amigos. Espero que pasárades unhas festas tranquilas e que, agora, pouco a pouco, vaiaamos retornando a un ritmo de traballo que nos axude a sobrelevar estas semanas que aínda nos quedan de confinamento. A seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,  
David.